

**O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NO CONCELLO DO IRIXO INSTA AO CONCELLO A FOMENTAR A NATALIDADE CUNHA AXUDA DE TRES MIL EUROS AOS NENOS NACIDOS OU ADOPTADOS NO IRIXO**

**O GOBERNO DO IRIXO E O SEU ALCALDE, EN 30 ANOS, NON PUXERON EN MARCHA NIN UNHA SOA MEDIDA PARA EVITAR O DESPOBOAMENTO E FOMENTAR A NATALIDADE**

O Irixo, Venres, 15 de Xaneiro de 2016. O Voceiro do Grupo Municipal socialista no concello do Irixo, Iago Fariñas Valiña, vén de presentar, en pasadas datas, unha moción para debater no vindeiro pleno. Dita moción versa **SOBRE O FOMENTO DA NATALIDADE CUNHA AXUDA DE TRES MIL EUROS AOS NENOS NACIDOS OU ADOPTADOS NO IRIXO.**

O portavoz socialista, di que o problema da despoboación é un problema que, se ben é certo, que precisa da axuda de todas as administracións, non é menos certo que os propios Concellos son os que teñen, como administración máis achegada ao cidadán, que poñer en marcha iniciativas e políticas que axuden a reverter esta tendencia. A idea é que sexan Concellos dinámicos e atractivos para os seus veciños máis novos para que invistan no seu concello e non marchen ou teñan servizos e axudas para voltar e formar unha familia.

Recentemente, o Alcalde de O Irixo Sr. Penedo, dixo publicamente que un dos problemas d Irixo é; *“la despoblación, igual que en todos los concellos de la Galicia del interior. Tenemos más entierros que nacimientos y una población envejecida. Es un gran problema y pienso que lo único que se puede hacer corresponde a las administraciones, deberían implicarse más con la zona rural... Así, algunos volverían al rural y otros no se marcharían, porque los concellos no somos nadie para frenar esta sangría.”* Polo tanto, o Alcalde, é coñecedor dun dos problemas máis graves que afectan ao Irixo pero, o goberno e o seu alcalde, en 30 anos non puxeron en marcha



nin unha soa medida para reverter esta tendencia, a pesares de existiren recursos para elo. Recursos que si destinou en dar traballo a familia e amigos e poñerse un soldo a si mesmo e ao seu goberno de **4.059,43 euros/mes. por 14 pagas ao ano, o que supón un gasto total para o Concello de 56.832,02 € por tres adicacións parciais mentras destinaron 0 euros a políticas de fomento da natalidade.**

Recordemos que a prima do alcalde é traballadora do Concello, así coma a súa filla quen actualmente exerce como concelleira: Dona Nuria Penedo; quen tamén traballou con anterioridade para o Concello ao igual que o hoxe tenente de alcalde, Don Manuel Cerdeira, así como outros achegados do alcalde e da súa familia.

A despoboación é un problema moi serio nun Concello que chegou a ter, no ano 1.900, ata 6.787 veciños e máis recentemente, no ano 1987, 3.914 veciños, ata chegar aos 1.600 do ano 2015, namentres o goberno e o alcalde de O Irixo permanecen impasibles e din publicamente que; *“lo único que se puede hacer corresponde a las administraciones...”*; referíndose a outras administracións cando o Concello do Irixo, como a administración máis próxima, ten que ser a primeira en adoptar medidas ao respecto.

Esta despoboación, a maiores, da xente do Irixo, que teñen que marchar por un futuro mellor ás cidades ou incluso ao estranxeiro, vén motivada pola falta de nacementos no Irixo; no ano 1987 naceron 11 rapaces, e no 1988 ata 16, a partires de aí, a tendencia foi sempre, de forma xeral, negativa durante os últimos anos, cando nacen no Irixo, 2, 3 ou 1 só rapaz, caso do ano 2013.

O grupo escolar do Irixo, resiste grazas ao esforzo do seu director e docentes que, co seu bo traballo, fan que sexan moitos os nenos que queiran vir estudar ao Irixo. Existe un desinterese total pola marcha do colexio que se demostra coa falta de atención e apoio ao centro e a inasistencia da anterior e da actual representante do Concello ao consello escolar do centro. Resulta curioso que a Concelleira encargada



de educación, Nuria Penedo, á que nos referimos antes pola súa relación de parentesco co Alcalde, sexa profesora pero parece que non lle importa nada, nin a educación, nin a cultura nin a docencia no Irixo.

Do mesmo xeito, servizos como a Biblioteca Municipal, pechada dende hai máis dun ano, e que se abrirá, agardemos, grazas ao interese e traballo dos tres grupos da oposición (segundo a Moción presentada por estes no pleno do pasado 28 de setembro de 2015), tampouco axudan a que o Irixo sexa un Concello novo, culto e dinámico que convide á xente moza a vir ou quedarse no Irixo, a botar raíces e formar unha familia. Familias que poderían axudar a remontar esta mísera taxa de natalidade e, por conseguinte, a loitar contra o despoboamento e abandono dun Concello que cada día esmorece un pouco máis.

Tamén, a apertura dunha gardaría pública municipal, que os tres grupos da oposición, vimos de reclamar mediante a presentación dunha Moción apoiada dende o propio consello escolar do centro escolar, como xa se teñen pronunciado na súa reunión do pasado 11 de novembro de 2015 por unanimidade, sería un importante estímulo para a suba da natalidade deste Concello. Suporía unha importante axuda para as familias novas do Irixo e para as familias orixinarias do noso Concello que actualmente residen fóra por falta de servizos e que, así, poderían asentarse aquí, de mellor gana.

Ademais de todo o exposto anteriormente, o Concello pode e debe destinar parte dos seus recursos a fomentar a natalidade no Irixo. Con todas estas medidas, estamos convencidos de que se dará un pulo á natalidade no noso Concello, xa que non se pode dicir que, preocupa a despoboación e, ao mesmo tempo, pedir que se impliquen o resto das administracións cando non se toma ni unha sola medida en 30 anos de goberno, sendo a administración máis achegada ao cidadán. Con este tipo de



declaracións, o goberno do Partido Popular no Irixo só demostra que se desentende das súas responsabilidades e pon a pelota no tellado doutros.

Por todo o mencionado anteriormente, para evitar esta continua e alarmante despoboación e axudar a fomentar o crecemento da taxa de natalidade no noso concello, o Grupo Municipal Socialista no Concello do Irixo, presentou unha **MOCIÓN instando ó Concello a:**

**1º.- Que o Pleno do Concello do Irixo aprrobe a elaboración dunha ordenanza municipal para a concesión anual dunha axuda de 3 mil euros a todos os nenos e nenas que nazan no Irixo ou sexan adoptados en cada ano.**

**2º.- Que se destine para esta axuda o 2% do orzamento municipal, o cal se poderá incrementar dependendo do éxito da medida.**


**3.- Que se consensue a elaboración da referida ordenanza entre todos os grupos da corporación para, entre todos, acadar a mellor ordenanza para o noso concello ao respecto e garantir así o éxito da medida.**

*IGE, INE. Movemento natural da poboación, nacementos.*

Total	
32035 Irixo,	
O	
1987	11
1988	16
1989	9
1990	9
1991	5
1992	9
1993	9
1994	9
1995	5
1996	4
1997	5
1998	3
1999	6
2000	9
2001	7



2002	6
2003	7
2004	5
2005	1
2006	10
2007	5
2008	2
2009	5
2010	3
2011	2
2012	3
2013	1
2014	3



AÑO	HOMBRES	MUJERES	TOTAL
2015	770	830	1.600
2014	774	863	1.637
2013	797	888	1.685
2012	797	888	1.685
2011	822	918	1.740



<b>2010</b>	830	947	1.777
<b>2009</b>	863	965	1.828
<b>2008</b>	896	980	1.876
<b>2007</b>	901	1.002	1.903
<b>2006</b>	929	1.042	1.971
<b>2005</b>	947	1.067	2.014
<b>2004</b>	955	1.078	2.033
<b>2003</b>	985	1.107	2.092
<b>2002</b>	988	1.145	2.133
<b>2001</b>	1.005	1.165	2.170
<b>2000</b>	1.010	1.175	2.185
<b>1999</b>	1.026	1.189	2.215
<b>1998</b>	1.041	1.218	2.259
<b>1996</b>	1.039	1.247	2.286
<b>1995</b>	1.163	1.366	2.529
<b>1994</b>	1.167	1.372	2.539
<b>1993</b>	1.180	1.382	2.562
<b>1992</b>	1.165	1.368	2.533
<b>1991</b>	1.168	1.379	2.547
<b>1990</b>	1.862	1.913	3.775
<b>1989</b>	1.886	1.945	3.831
<b>1988</b>	1.904	1.972	3.876
<b>1987</b>	1.927	1.987	3.914